

Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE ADHESIÓN DE CENTROS EDUCATIVOS DE FP DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA FORMACIÓN DUN CONSORCIO DE MOBILIDADE NO MARCO DO PROXECTO QUE SE PRESENTARÁ Á CONVOCATORIA ERASMUS+2023

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE ADHESIÓN DE CENTROS EDUCATIVOS DE FP DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A FORMACIÓN DUN CONSORCIO DE MOBILIDADE NO MARCO DO PROXECTO QUE SE PRESENTARÁ Á CONVOCATORIA ERASMUS+ 2023.

A Asemblea Xeral da ONU adoptou o 25 de setembro de 2015 a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, un referente ético e operativo que debe inspirar a acción de todos os gobernos e da propia cidadanía ao cal se acolleu España e cuxas prioridades impregnan desde hai un tempo todas as políticas e programas que desenvolve a Deputación de Pontevedra para mellorar o benestar e a calidade de vida dos habitantes da provincia.

A través do servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, apóstase pola adopción de accións e a execución de programas concretos nas esferas económica e social que se axusten aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e que de forma especial contribúan á súa consecución. Con esta meta, o servizo establece uns eixos estratéxicos de actuación no seu horizonte de traballo baseados na orientación e inserción laboral, a formación para o emprego, o emprendemento e o autoemprego e a igualdade para o emprego e o empoderamento da muller, entre outros. Estes eixos estratéxicos están fundamentalmente aliñados co Obxectivo 8 da Axenda 2030: Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as persoas. Así mesmo, os eixos estratéxicos do servizo deberán estar alienados cos obxectivos e retos definidos no Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, a través dos Fondos Next Generation, que determinarán a evolución futura do país.

En consecuencia, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de novembro de 2021 adoptou, entre outros, o acordo (nº 27.31030) de aprobación do “Plan de fomento da capacitación do capital humano” na provincia de Pontevedra. Este plan consta de distintos programas ou liñas de actuación que perseguen impulsar as perspectivas laborais e de desenvolvemento persoal, a mellora da ocupabilidade e inserción laboral, fomentar a cultura emprendedora, mellorar as taxas de supervivencia de proxectos emprendedores que teñan como fin o autoemprego e ofrecer un servizo integral de información e orientación sobre oportunidades de mobilidade europea e de xeito transversal, contribuír a reducir a desigualdade.



Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

Entre os programas que se pretenden poñer en marcha neste ámbito atópanse os proxectos de mobilidade impulsados pola iniciativa Erasmus+, o Programa de acción da Unión Europea nos ámbitos da educación e a formación, a xuventude e o deporte, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2014. O obxectivo xeral do Programa é apoiar, mediante a aprendizaxe permanente, o desenvolvemento educativo, profesional e persoal das persoas no ámbito da educación e a formación, a mocidade e o deporte, tanto dentro como fóra de Europa, a fin de contribuír ao crecemento sostible, ao emprego de calidade, á cohesión social, a impulsar a innovación e a reforzar a identidade europea e a cidadanía activa. A Deputación de Pontevedra leva desenvolvendo dende o ano 2015 proxectos de mobilidade para estudantes e persoal de educación e formación profesional que se presentan ás convocatorias anuais do mencionado programa.

En consecuencia, co obxecto de impulsar e continuar a labor integradora en todo o territorio da provincia, a Deputación de Pontevedra vai liderar un novo proxecto destinado a cubrir as necesidades en materia de capacitación do capital humano cumprindo co mandato contido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante, LRRL), que regula a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Trátase dun proxecto acreditado de mobilidade de estudantes e persoal de Formación Profesional (KA121-VET) que se presentará dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade para a aprendizaxe” do Programa Erasmus+, e cuxas características propias son as seguintes:

- Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mercado laboral a través de prácticas en empresas e organizacións estranxeiras.
- Participantes: estudantes recentemente titulados de ciclos de grao medio e básico de Formación Profesional e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais e persoal docente e non docente que traballe en educación e formación profesional. As persoas participantes son seleccionadas previamente polos centros educativos da provincia de Pontevedra pertencentes ao consorcio de mobilidade.
- Duración e prazo de desenvolvemento do proxecto: Todos os proxectos acreditados terán unha duración inicial de 15 meses. Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios terán a posibilidade de prolongar os seus proxectos ata unha duración total de 24 meses, tal como recolle a Guía do Programa Erasmus+. Estímase que a estadias dos estudantes faranse ao longo de catro períodos a concretar.
- Ámbito de actuación do proxecto: As persoas beneficiarias poderán realizar a mobilidade nun dos países do programa Erasmus+. Isto inclúe países pertencentes á Unión Europea (Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Croacia, República Checa, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía e Suecia) así como terceiros países asociados ao Programa (República de Macedonia do Norte, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Turquía e Serbia).



Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

A elección do país de destino é unha decisión que depende das persoas participantes do proxecto en función das súas necesidades de aprendizaxe, obxectivos de desenvolvemento profesional, áreas específicas de interese e dispoñibilidade de lugares de prácticas.

En congruencia cos principios informadores da Unión Europea e co principio de autonomía provincial, consagrado nos artigos 137 e 141 da Constitución, correspóndelles ás Deputacións a decisión de definir as prioridades na execución das distintas liñas de actuación en relación ao fomento do desenvolvemento económico e social no territorio provincial, adecuándoas ás especificidades e necesidades da poboación, dentro dos límites establecidos para o debido control e vixilancia do uso dos recursos públicos.

Por todo isto, a Deputación de Pontevedra, no uso das competencias e atribucións que ten asignadas pola vixente LRBRL, de conformidade co disposto nas convocatorias da Comisión Europea, convoca o presente proceso de adhesión dirixido a centros de FP da provincia de Pontevedra que impartan especialidades de grao básico, grao medio e certificados de profesionalidade dos niveis I, II e III.

En relación co exposto, confecciónanse as presentes bases e convocatoria con fundamento nas seguintes cláusulas:

1.- *OBXECTO*

A Deputación de Pontevedra abre a presente convocatoria coa finalidade de acadar a adhesión de centros de FP da provincia de Pontevedra que impartan especialidades de grao básico, grao medio e certificados de profesionalidade dos niveis I, II e III situados no ámbito xeográfico da provincia de Pontevedra e que figuren inscritos no Registro Estatal de Centros Docentes no Universitarios (RCD) para formar un consorcio de mobilidade co obxecto de presentar de forma conxunta unha solicitude de proxecto ao Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (en adiante SEPIE) dentro da convocatoria de propostas 2023 do Programa Erasmus+, de xeito que o alumnado recentemente titulado, docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional dos centros adheridos realicen prácticas en países do programa Erasmus + ou terceiros países asociados ao Programa.

A Deputación de Pontevedra conta coa acreditación Erasmus+, válida no ámbito da educación e a formación profesional, que a habilita para presentar solicitudes como entidade coordinadora de consorcio de mobilidades para o financiamento dunha liña especial de fondos á que só as entidades que contén con dita acreditación poden acceder. Neste sentido, e unha vez aberta a convocatoria por parte do programa Erasmus+ a Deputación de Pontevedra pretende presentar a solicitude de financiamento, para o cal é necesario a formación do consorcio de mobilidade.

A dita solicitude debe contribuír a prover ás persoas de oportunidades de mobilidade de aprendizaxe e apoiar o desenvolvemento das institucións educativas e outras organizacións involucradas. Isto desenvólvense e concrétase a través do Plan Erasmus, un plan que liga as actividades de mobilidade coas necesidades e os obxectivos das organizacións que conforman o consorcio de mobilidade. De este xeito, os recursos orzamentarios concedidos ao proxecto



deben destinarse á consecución dos obxectivos establecidos no Plan Erasmus do consorcio de mobilidade, que se acadarán mediante a realización de mobilidades. Concretamente, este plan establece tres obxectivos principais:

- Obxectivo 1. Mellorar a empregabilidade do alumnado de Formación Profesional, ampliando e reforzando os seus coñecementos e capacidades grazas á experimentación nunha empresa dun país estranxeiro.
- Obxectivo 2. Fomentar o intercambio de metodoloxías e boas prácticas do profesorado dos centros consorciados cos seus homólogos a nivel europeo.
- Obxectivo 3. Proxectar ao consorcio e a cada un dos seus membros a nivel internacional para lograr unha implicación nun maior número de proxectos de cooperación a nivel internacional.

O progreso cara ao logro dos obxectivos do Plan Erasmus formará parte da avaliación do proxecto que se leve a cabo, de xeito que para garantir un nivel de calidade óptimo no seu desenvolvemento, as accións e mobilidades que se realicen están orientadas cara a súa consecución.

2.- CENTROS DESTINATARIOS

Os centros destinatarios desta convocatoria son institucións educativas que impartan especialidades oficiais de grao básico, grao medio e certificados de profesionalidade dos niveis I, II e III situados no ámbito xeográfico da provincia de Pontevedra e que figuren inscritos no Registro Estatal de Centros Docentes no Universitarios (RCD), excluíndose expresamente aqueles centros educativos que impartan certificados de profesionalidade de maneira exclusiva.

Os centros que presenten a súa solicitude conforme a normativa de aplicación pasarán a formar parte dun consorcio de mobilidade coa finalidade de presentar de forma conxunta unha solicitude de proxecto ao SEPIE dentro da convocatoria de propostas 2023-EAC/A10/2022 do Programa Erasmus+ (2022/C444/07), ao abeiro do Regulamento (UE) 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio do 2021, polo que se establece Erasmus+, o Programa da Unión para a educación e a formación, a xuventude e o deporte.

3.- REQUISITOS DOS CENTROS SOLICITANTES

Os centros educativos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar situados no ámbito xeográfico da provincia de Pontevedra.
- Impartir ensinanza oficial de Formación Profesional de grao básico, grao medio e certificados de profesionalidade dos niveis I, II e III.
- Constar como inscritos no Registro Estatal de Centros Docentes no Universitarios (RCD).

Quedan excluídos desta convocatoria e, por tanto, non poderán formar parte do consorcio:



Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

- Centros educativos que non impartan ciclos de FP de grao básico, grao medio e certificados de profesionalidade dos niveis I, II e III oficialmente acreditados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou que impartan única e exclusivamente certificados de profesionalidade en calquera dos seus niveis.
- Centros educativos localizados fóra do ámbito xeográfico da provincia de Pontevedra.
- Centros educativos que non presenten a solicitude en forma e prazo.
- Centros educativos que non acepten e cumpran os criterios de selección das persoas bolseiras.
- Calquera outra persoa ou entidade que non cumpra cos requisitos esixidos.

4.- INCOMPATIBILIDADE

Segundo o establecido na Guía do Programa Erasmus+, que forma parte integrante da Convocatoria de propostas Erasmus+ 2023-EAC/A10/2022 publicada no Diario Oficial da Unión Europea número C444/07 do 23 de novembro de 2022, as organizacións que participen nun consorcio de mobilidade poden recibir financiamento dun máximo de dous convenios de subvención no marco da Acción Clave 1 no ámbito da educación e a formación profesional na mesma convocatoria de propostas. Por conseguinte, os centros educativos de FP que reciban unha subvención para un proxecto de curta duración ou un proxecto acreditado só poden participar nun consorcio de mobilidade de FP como organizacións membros. O resto de organizacións poden participar en ata dous consorcios de mobilidade.

No caso de que algún dos centros educativos adheridos incumpra co anteriormente exposto, a solicitude do proxecto do consorcio impulsado pola Deputación de Pontevedra poderá resultar excluída por non ser admisible de acordo coa Guía do Programa Erasmus+. No caso de que esta situación suceda, comunicarásele ao centro implicado a causa da exclusión e solicitaráselle que confirme a decisión de permanecer no consorcio ou, en caso contrario, a súa renuncia aos efectos de que a solicitude do proxecto resulte admisible.

No caso de que este decida permanecer no consorcio, a decisión implicará a obriga de renunciar a un dos outros convenios de subvención dos que estivera recibindo financiamento para que resulte un membro admisible e, en consecuencia, a solicitude presentada pola Deputación de Pontevedra en representación do consorcio.

Se no prazo establecido o centro educativo implicado non atendese á comunicación da Deputación de Pontevedra ou debido á inactividade deste houberse indicios fundados de que a solicitude do proxecto non se puidese presentar en tempo e forma de modo admisible, a Deputación de Pontevedra, en calidade de entidade coordinadora do consorcio de mobilidade, poderá excluílo da candidatura sen máis trámite.



Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

5.- PRAZO

O prazo de presentación das solicitudes de adhesión é de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

6.- SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNIe).

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicional destas bases reguladoras.

7.- COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación das solicitudes consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Verificación do NIF da entidade solicitante
- DNI/NIE das persoas representantes
- Rexistro Estatal de Centros Docentes non Universitarios (RCD)

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás mencionadas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

8.- TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA DAS SOLICITUDES

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as entidades interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros).



Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate.

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>

Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, se desistirá da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

9.- SELECCIÓN

Seleccionaranse todos os centros educativos de FP que o soliciten e que cumpran os requisitos de acordo con esta convocatoria e demais requisitos legais establecidos na lei.

Non obstante, debido ao descoñecemento do número de solicitudes que se van presentar, así como do número e duración das mobilidades que asignará o SEPIE, a Deputación de Pontevedra non pode garantir o número exacto das mesmas. Unha vez que o SEPIE aprrobe o proxecto e a cantidade de mobilidades subvencionadas, as bolsas asignarase de forma proporcional, tendo en conta os criterios mencionados e intentando garantir un mínimo por centro. No caso de que o número de mobilidades aprobadas polo SEPIE non cubra ese mínimo por centro, o total de prazas asignarase de xeito proporcional ao solicitado, respectando que cada centro teña, polo menos, unha mobilidade. A Deputación proporá o reparto de mobilidades baseándose nos factores mencionados, e este criterio estará suxeito á decisión dos membros do consorcio que se forme, que constará nunha acta redactada para ese efecto.

Os centros educativos cuxo alumnado titulado renuncie á mobilidade despois da aceptación poderán ser penalizados coa conxelación ou a redución do número de mobilidades totais.

Para aquelas mobilidades que quedasen sen asignar e para as que non exista acordo, a Deputación determinará, por motivos de estratexia e xestión do proxecto, as familias e os centros elixidos, despois dunha reunión con todos os centros para consensuar os criterios que se seguirán para tomar esa decisión.

O desenvolvemento efectivo das mobilidades queda suxeito á aprobación definitiva do proxecto por parte do SEPIE.



Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

10.- CONFORMACIÓN DO CONSORCIO DE MOBILIDADE

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e seleccionados os centros de FP conformarase o consorcio de mobilidade mediante a sinatura dos correspondentes mandatos por parte dos representantes legais dos centros. Por medio destes documentos os centros educativos autorizarán á Deputación de Pontevedra, como entidade coordinadora do consorcio recoñecida coa Acreditación Erasmus, a enviar no seu nome a solicitude de fondos do proxecto ao SEPIE, axencia nacional española do Programa Erasmus+. Non é necesario que os membros do consorcio dispoñan dunha acreditación Erasmus+.

Os centros educativos que presenten unha solicitude de adhesión ao consorcio deberán dispoñer dunha conta no sistema de rexistro de organizacións de Erasmus+ e o Corpo Europeo de Solidariedade (EU Login). En caso de non dispoñer desta conta, poderán creala no seguinte sitio web: <https://webgate.ec.europa.eu/erasmus-esc/home/organisations/register-my-organisation>. Unha vez finalizado o rexistro, a organización solicitante obterá un código de identificación de organización (OID) que será necesario para incluír o centro na solicitude presentada polo consorcio de mobilidade.

Cada consorcio debe estar formado, como mínimo, por unha organización de envío ademais do coordinador, que imparta formación dentro do ámbito da FP definido para a acción KA121: Formación Profesional Básica, Formación Básica Adaptada, Ciclos Formativos de Grao Medio, estudos de Grado Medio de ensino de réximes especiais (arte, música e deportes), FP Dual de Grao Medio e cursos que conducen á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III.

A formación do consorcio queda supeditada á aprobación do proxecto. Este consorcio durará desde a súa formación ata a data de finalización do proxecto correspondente, sen prexuízo da posible ampliación de prazo que autorice o SEPIE.

11.- CONCESIÓN DO PROXECTO

Presentada a solicitude de fondos a través deste proxecto, o SEPIE deberá resolver segundo o seu propio procedemento. En caso de que o proxecto solicitado sexa concedido e financiado, a Deputación de Pontevedra asinará en nome das organizacións representadas o convenio de subvención e, no seu caso, as subsecuentes emendas coa dita axencia nacional.

12.- XESTIÓN DO PROXECTO NOS CENTROS ADHERIDOS

En cada un dos centros de Formación Profesional do consorcio deberá constituírse un Comité de Mobilidade no prazo máximo de 1 mes dende a sinatura do convenio de subvención do proxecto entre a Deputación de Pontevedra e o SEPIE. A finalidade deste órgano é coordinar no centro educativo o desenvolvemento do proxecto e establecer a interlocución coa Deputación de Pontevedra. Este comité estará integrado por un presidente/a, un secretario/a e demais membros que se establezan.



Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

O Comité de Mobilidade acordará a creación dunha Comisión de Valoración de solicitudes de mobilidade, que actuará en base aos principios de imparcialidade e profesionalidade, podendo ser membros desta os integrantes do Comité de Mobilidade ou outro persoal do centro vencellado á Formación Profesional. As funcións da Comisión de Valoración son as seguintes:

- Comprobar en todas as solicitudes de mobilidade o cumprimento dos requisitos de participación establecidos no Anexo I.
- Aprobar o listado do alumnado admitido a participar no proceso de selección.
- Realizar o baremo das persoas candidatas admitidas atendendo aos criterios de selección indicados no Anexo I.
- Realizar as probas de selección que sexan necesarias.
- Efectuar a proposta de selección de persoas candidatas a realizar a mobilidade.

A Deputación de Pontevedra proporcionará aos centros educativos do consorcio as actas estandarizadas de constitución do Comité de Mobilidade e da creación da Comisión de Valoración de solicitudes de mobilidade, así como do resto de actas de reunión ou selección das persoas participantes necesarias para a correcta implantación do proxecto nos centros.

No referente á tramitación das mobilidades, os centros educativos deberán seguir, como mínimo, o procedemento descrito na seguinte táboa:

TRAMITACIÓN DE MOBILIDADES	
FASES DO PROCESO	PROBA DOCUMENTAL
Publicación da convocatoria co prazo de presentación de solicitudes	Publicación na páxina web e/ou no taboleiro de anuncios
Criterios de selección do alumnado/persoal	Publicación na páxina web e/ou no taboleiro de anuncios
Lista provisional de persoas admitidas e excluídas	Publicación na páxina web e/ou no taboleiro de anuncios
Apertura do período de alegacións	Publicación na páxina web e/ou no taboleiro de anuncios
Lista final de persoas admitidas e lista de agarda	Publicación na páxina web e/ou no taboleiro de anuncios
Actas de selección	Modelos de actas cubertos que proporciona a Deputación de Pontevedra

Unha vez rematado o proceso e seleccionadas as persoas beneficiarias, os centros educativos deberán enviar á Deputación de Pontevedra as evidencias documentais de que seguiron estas fases xunto con todas as actas de selección por correo electrónico ao seguinte enderezo: mobilidade.fp@depo.gal. Aceptaranse fotografías, capturas de pantalla ou documentos escaneados.

13.- OBRIGAS DOS CENTROS ADHERIDOS

- Aceptar os termos e condicións do convenio de subvención que asine a Deputación de Pontevedra co SEPIE e, en particular, todas as disposicións que afecten ao coordinador e aos outros beneficiarios.



Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

- Seleccionar ao alumnado, persoal docente e non docente que traballe en educación e formación profesional en base aos criterios establecidos no Anexo I de conformidade co reparto de mobilidades realizado nas reunións de seguimento do proxecto.
- Achegar as actas de selección das persoas beneficiarias así como a constancia documental do proceso levado a cabo con un mínimo de antelación de 2 meses antes das mobilidades seguindo os criterios de valoración esixidos no Anexo I.
- Asegurarse de que as persoas que realicen as mobilidades cumpran con todas as cláusulas do convenio de subvención, incluíndo cuestionarios que poida facilitar a Deputación de Pontevedra, así como dando difusión no centro educativo das mobilidades realizadas e experiencias vividas.
- Asegurarse de que o alumnado seleccionado posúe unha actitude ética e profesional propia da actividade laboral co obxecto de asegurar o correcto desenvolvemento das prácticas e da mobilidade. A estes efectos, terase en conta o seguimento e a valoración do módulo profesional obrigatorio de Formación en Centros de Traballo (FCT) realizado durante a etapa formativa.
- Nas mobilidades de persoal docente e non docente que traballe en educación e formación profesional deberase achegar o programa de traballo consensuado coa organización de acollida cunha antelación suficiente para poder xestionar a mobilidade.
- Facilitar xunto coas actas de selección un listado de persoas suplentes por mobilidade (tanto de alumnado como de profesorado) para posibles baixas ou incidencias que poidan acontecer.
- Asistir ás reunións do consorcio de mobilidade que convoque a Deputación de Pontevedra.
- Cumprir coa normativa en materia de comunicación e publicidade do SEPIE en canto á utilización de logotipos nos materiais de difusión e ao recoñecemento da cofinanciación dos fondos polo programa Erasmus+.
- Cumprir coa demais normativa aplicable á próxima convocatoria de propostas, así como á convocatoria de acreditación — EAC/A02/2020 Acreditación Erasmus nos ámbitos da educación de adultos, a educación e a formación profesionais e a educación escolar (2020/C178/04).
- Cooperar e facilitar a consecución dos obxectivos establecidos no Plan Erasmus do consorcio e o resto de prioridades do Programa Erasmus+, para o cal e no seu caso, deberán seguir as directrices establecidas pola Deputación de Pontevedra en calidade de organización coordinadora do consorcio de mobilidade.

O incumprimento dos requisitos descritos nesta convocatoria así como a cancelación inxustificada das mobilidades de alumnado, persoal docente e non docente que traballe en educación e formación profesional poderá dar lugar á non inclusión dos centros adheridos en futuros consorcios de mobilidade.



Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

14.- RESOLUCIÓN

A xefatura do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Por tanto, unha vez comprobados os expedientes e determinada a relación de centros educativos de FP da provincia de Pontevedra que se adherirán, elevará a proposta de resolución e someteraa ao órgano competente. Nesta proposta farase tamén referencia aos centros que non cumpren as condicións e a motivación da súa exclusión.

O prazo máximo para resolver e notificar ás persoas interesadas a resolución do procedemento é de 6 meses a contar desde a publicación da presente convocatoria. Transcorrido este prazo, entenderase desestimada por silencio administrativo a solicitude de adhesión.

A resolución do procedemento será notificada aos interesados e publicarase no BOPPO e na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal).

15.- PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable” dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás Administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

ANEXO I

A. CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS BOLSEIRAS

É condición imprescindible para poder realizar a mobilidade que o alumnado sexa maior de idade e recentemente titulado (ter aprobados todos os módulos do ciclo ou curso, incluído o módulo FCT, antes do inicio do período de mobilidade). A mobilidade deberá realizarse durante os 12 meses posteriores á obtención do título, salvo que as directrices do Programa Erasmus+ establezan outro prazo.



Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

Establécense os seguintes criterios no baremo. A nota final obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados:

1. Asistencia ás clases lectivas e conducta (ata un máximo de 1 punto)
2. Expediente académico (ata un máximo de 2 puntos)
3. Coñecemento de idiomas (ata un máximo de 2 puntos)
4. Méritos (ata un máximo de 1 punto)
5. Entrevista persoal (ata un máximo de 2 puntos)
6. Tipoloxía de alumnado (2 puntos)

O proceso selectivo será formulado e supervisado polo xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra (ou a persoa na que delegue).

No caso de empate, os criterios de desempate serán, por esta orde:

- Tipoloxía de alumnado
- Maior puntuación no expediente
- Maior puntuación no coñecemento de idiomas

No caso de continuar co empate, o desempate determinarase por decisión do centro educativo.

1. ASISTENCIA ÁS CLASES LECTIVAS E CONDUCTA (ata un máximo de 1 punto)

Valorarase a actitude nas clases e a asistencia regular ao ciclo cursado, ata un máximo de 1 punto:

Asistencia a máis do 90 % das clases lectivas	0,5 puntos
Asistencia igual ou inferior ao 90 % das clases lectivas	0 puntos
Ausencia de faltas de conduta	0,5 puntos
Existencia dalgunha falta de conduta	0 puntos

2. EXPEDIENTE ACADÉMICO (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase o expediente académico da persoa candidata calculando a media aritmética das cualificacións obtidas, ata un máximo de 2 puntos:

Puntuación numérica	Puntuación non numérica	Baremo
Do 5 ao 5,99	Aprobado	0,5 puntos
Do 6 ao 6,99	Aprobado	1 punto
Do 7 ao 8,99	Notable	1,5 puntos
Do 9 ao 10	Sobresáinte	2 puntos

Non se terán en conta as cualificacións validadas.



Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

3. COÑECEMENTO DE IDIOMAS (ata un máximo de 2 puntos)*

3.1 Titulacións de inglés

Polo certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado, ata un máximo de 2 puntos.

A1	0 puntos
A2	0,5 puntos
B1	1 punto
B2	1,5 puntos
C1 ou C2	2 puntos

Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a adquirir outra de nivel superior.

Sen certificado oficial: realización dunha proba de nivel (oral) por parte do persoal de linguas do centro educativo, valorable ata un máximo de 1 punto.

3.2 Baremo dun segundo idioma

Valorarase o coñecemento doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e con acreditación de certificado oficial, ata un máximo de 2 puntos.

A2	1 punto
B1, B2, C1, C2	2 puntos

*A puntuación máxima que se pode obter nos apartados 3.1 e 3.2 é de 2 puntos.

4. MÉRITOS (ata un máximo 1 de punto)

Valorarase con 0,5 puntos cada título de Formación Profesional de grao básico, grao medio e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III diferentes ao que lle dea acceso á mobilidade, ata un máximo de 1 punto.

5. ENTREVISTA PERSOAL (ata un máximo de 2 puntos)

Valoraranse ata un máximo de 2 puntos as habilidades comunicativas e sociais suficientes para desenvolverse en contornos distintos aos habituais, a motivación, a autonomía, a madurez, o compromiso co programa, a responsabilidade, ou a iniciativa, entre outras. Tamén se valorará a acreditación de pertenza a calquera tipo de ONG ou a participación en programas de voluntariado.



Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

6. TIPOLOXÍA DE ALUMNADO (2 puntos)

Valorarase con 2 puntos a pertenza ao colectivo considerado como persoa con menos oportunidades.

Atendendo á definición proporcionada nos Regulamentos que establecen os programas Erasmus+ e o Corpo Europeo de Solidariedade, considérase persoa (moza) con menos oportunidades a «calquera persoa (moza) que por motivos económicos, sociais, culturais, xeográficos ou de saúde, pola súa orixe inmigrante, ou por razóns tales como a discapacidade ou as dificultades de aprendizaxe, se enfronten a obstáculos que lle impidan acceder de maneira efectiva ás oportunidades que ofrece o Programa».

Os obstáculos que dificultan a participación no programa Erasmus+ denomínanse factores de exclusión, e atendendo ás directrices do programa, concréntanse nos seguintes:

- Discapacidades: deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais
- Problemas de saúde: enfermidades graves, doenzas crónicas ou calquera outra situación relacionada coa saúde física ou mental que impida a participación no programa.
- Diferenzas culturais: persoas de orixe inmigrante ou refuxiado —sobre todo se son inmigrantes recentemente chegados—, as persoas pertencentes a minorías étnicas ou nacionais, os usuarios de linguas de signos, as persoas con dificultades de adaptación lingüística ou inclusión cultural.
- Obstáculos sociais: ter un fillo (especialmente no caso das familias monoparentais); ser un cuidador, o principal sostén económico da familia ou orfo, ou ben vivir ou ter vivido nunha institución asistencial.
- Obstáculos económicos: persoas con baixo nivel de vida, con ingresos reducidos ou dependentes da asistencia social, os estudantes que teñen que traballar para manterse, as persoas en situación precaria, de pobreza ou de desemprego de longa duración, as persoas sen fogar, con débedas ou problemas financeiros.
- Obstáculos vencellados á discriminación: discriminación relacionada co xénero (identidade de xénero, expresión de xénero, etc.), a idade, a orixe étnica, a relixión, as crenzas ou unha combinación de dous ou máis dos obstáculos mencionados neste apartado.
- Obstáculos xeográficos: vivir en zonas afastadas ou rurais, en illas pequenas ou en rexións periféricas/ultra-periféricas, en suburbios urbanos, en zonas con menos servizos (transporte público limitado, instalacións deficientes) ou en zonas menos desenvolvidas de terceiros países, etc., pode constituír un obstáculo. Atendendo á Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, considérase municipio rural de pequeno tamaño aquel posúa unha poboación inferior a 5.000 habitantes e estea integrado no medio rural. Eurostat define municipio escasamente poboado aquel cunha densidade inferior a 100 hab./km².



A xustificación do perfil deste alumnado realizarase mediante informe dunha institución pública competente: servicios sanitarios, sociais, educativos – departamento de orientación ou un equipo de orientación específico. Atendendo aos distintos factores de exclusión aceptaranse as seguintes certificacións e documentos:

- **Discapacidades:** certificado de discapacidade emitido pola autoridade correspondente. Tamén se aceptará a situación de ter unha solicitude aberta para o recoñecemento dunha discapacidade cos informes pertinentes.
- **Problemas de saúde:** informe médico expedido polo centro de saúde, especialista ou autoridade sanitaria competente.
- **Diferenzas culturais:** resolución de condición de refuxiado ou con dereito a protección subsidiaria, ter presentado unha solicitude de protección internacional en España, informe do Departamento de Orientación do centro educativo ou dos Servizos Sociais.
- **Obstáculos sociais e económicos:** ser persoa beneficiaria dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado, persoa beneficiaria dunha bolsa de comedor ou libros, certificado de percepción da prestación de Ingreso mínimo vital / Renda Mínima de Inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza da unidade familiar ou do proxenitor que teña a custodia, informe de Servizos Sociais, consideración administrativa de vítimas de terrorismo, de violencia de xénero ou orfos, estudantes con contratos de traballo a tempo completo, certificación de situación de dependencia, participantes con dependentes a cargo ou certificación de ser persoa tutelada pola Administración.
- **Obstáculos vencellados á discriminación:** certificación da administración competente ou informe do Departamento de Orientación xustificando o obstáculo, por exemplo, por acoso escolar.
- **Obstáculos xeográficos:** Documento Nacional de Identidade (DNI) ou certificado de empadramento.

Os centros educativos do consorcio deberán remitir á Deputación de Pontevedra as evidencias documentais que xustifiquen a pertenza a este colectivo xunto coas as actas de selección. A información detallada deste criterio de selección atópase na seguinte ligazón: http://sepie.es/doc/convocatoria/2023/estrategia_de_inclusion_y_diversidad_del_sepie.pdf.

Con independencia do anterior, todos os criterios poderán ser valorados con puntuación cero no caso de que a Comisión de Valoración de solicitudes de mobilidade constituída en cada centro educativo o considere oportuno. Neste sentido, incluso no caso de que unha alumna ou alumno cumpra os requisitos formais para o acceso a unha das prazas para realizar unha mobilidade Erasmus+, as e os membros da Comisión de Valoración de cada centro de FP poderán denegarlle directamente o dereito sen máis trámite no caso de que estimen que non cumpre os criterios mínimos para a súa realización en canto a conduta, comportamento, contorno, motivación, factores educativos, traxectoria, actitude, etc.



Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

B. CRITERIOS DE SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE QUE TRABALLE EN EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL

Poden realizar unha mobilidade de persoal profesores, formadores e todos os demais expertos e persoal non docente que traballen ou exerzan a docencia en ciclos formativos de grao medio e básico de Formación Profesional ou cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III impartidos polos centros educativos que formen parte do consorcio.

O persoal non docente admisible inclúe persoal de xestión, responsables de mobilidade internacional, asesores, etc. En todo caso, as tarefas que realice este persoal na organización deben estar documentadas de tal forma que se permita identificar o vínculo inequívoco co ámbito da Formación Profesional.

Establécense os seguintes criterios no baremo. A nota final obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados:

- 1 Interese, motivación e compromiso cos proxectos europeos (ata un máximo de 1 punto)
- 2 Antigüidade no centro educativo (ata un máximo de 2 puntos)
- 3 Coñecemento de idiomas (ata un máximo de 3 puntos)
- 4 Méritos (ata un máximo de 2 puntos)
- 5 Entrevista persoal (ata un máximo de 2 puntos)

O proceso selectivo supervisarao o xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra (ou a persoa na que delegue).

No caso de empate, os criterios de desempate serán, por esta orde:

- Maior puntuación en antigüidade no centro.
- Maior puntuación no coñecemento de idiomas.

No caso de continuar co empate, o desempate determinarase por decisión do centro educativo.

1 INTERESE, MOTIVACIÓN E COMPROMISO COS PROXECTOS EUROPEOS (ata un máximo de 1 punto)

Valorarase ata 1 punto o compromiso que ten a persoa solicitante cos proxectos europeos nos que participa o centro, a motivación para facer a mobilidade e a iniciativa para propoñer melloras na metodoloxía e currículo do centro.

2 ANTIGÜIDADE NO CENTRO EDUCATIVO (ata un máximo de 2 puntos)

Igual ou inferior a 1 ano	0,5 puntos
Máis de 1 ano e menos de 3 anos	1 punto
Igual ou superior a 3 anos e inferior a 6 anos	1,5 puntos
Igual ou superior a 6 anos	2 puntos



Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

3 COÑECEMENTO DE IDIOMAS (ata un máximo de 3 puntos)*

3.1 Titulacións de inglés

Polo certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou equivalente legalmente homologado, ata un máximo de 2 puntos.

A1	0 puntos
A2	0,5 puntos
B1	1 punto
B2	1,5 puntos
C1 ou C2	2 puntos

Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a adquirir outra de nivel superior.

Sen certificado oficial: realización dunha proba de nivel (oral) por parte do persoal de linguas do centro educativo, valorable ata un máximo de 1 punto.

3.2 Baremo dun segundo idioma

Valorarase o coñecemento doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e con acreditación de certificado oficial, ata un máximo de 1 punto.

A2	0,5 punto
B1, B2, C1, C2	1 punto

*A puntuación máxima que se pode obter entre os apartados 3.1 e 3.2 é de 3 puntos.

4 MÉRITOS ACADÉMICOS (ata un máximo de 2 puntos)

Licenciatura universitaria relacionada co ámbito de FP no que se exerce a docencia 1,50 puntos

Máster universitario relacionado co ámbito de FP no que se exerce a docencia 0,50 puntos

Grao universitario relacionado co ámbito de FP no que se exerce a docencia 1,00 punto

Diplomatura universitaria relacionada co ámbito de FP no que se exerce a docencia 0,70 puntos

Título de técnica ou técnico relacionado co ámbito de FP no que se exerce a docencia 0,50 puntos

Neste apartado só se valorarán titulacións distintas ou superiores ás esixidas para acceder ao exercicio da docencia.



Luns, 30 de xaneiro de 2023

Núm. 20

5 ENTREVISTA PERSOAL (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase ata un máximo de dous puntos o compromiso pola integración das experiencias adquiridas na mobilidade docente, a iniciativa para propoñer vías de mellora no centro educativo, a iniciativa para a busca de entidades das que poder aprender e aplicar novas metodoloxías.

Tamén se valorará na entrevista a planificación docente posterior de cara a difundir o aprendido na mobilidade no centro educativo e beneficiar a toda a comunidade educativa.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

